

OUTUBRO 2020
Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadia media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Outubro 2020

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19
VIAXEIRO S	2.393.707	-75,5%	143.063	-65,5%
NOITES	5.080.538	-83,3%	277.319	-64,9%
ESTADÍA MEDIA	2,12	-31,7%	1,94	1,7%
% OCUPACIÓN	20,89%	-37,45	17,54%	-23,05%
% OCUPACIÓN Fds	25,37%	-40,65	19,49%	-29,53%

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

Desde o día 21 de xuño, e de acordo ao Real Decreto 555/2020, finaliza o estado de alarma permitíndose a mobilidade da poboación en todo o territorio estatal. Tal situación cambia a partir do 25 de outubro cando se declara novamente o estado de alarma en todo o estado con restricións de mobilidade e confinamento perimetral en diferentes comunidades autónomas e municipios de España.

Neste contexto o INE estima que en outubro abriron en Galicia un total de 1.227 establecementos hoteleiros –dos 1.479 que o fixeron no mesmo período do pasado ano- que ofertaron un total de 50.874 prazas –das 62.400 de outubro de 2019-.

Isto supón unha caída da oferta dispoñible do 18,5%, isto é, neste mes ofertáronse algo máis do 80% das prazas que habitualmente están dispoñibles no mes de outubro –porcentaxe inferior á observada no verán e tamén no pasado mes de setembro-. Tal circunstancia mellora en todo caso os datos dos meses de primavera cando nun contexto de desescalada e restricións de aforo e da mobilidade a oferta dispoñible estaba moi por debaixo dos niveis do pasado ano.

Con carácter xeral os resultados son obviamente negativos rexistrándose caídas importantes en todas as variables.

Fixamos a continuación as principais conclusións:

- Comportamento negativo das principais variables de demanda hoteleira de Galicia. Neste mes cae nun 65% tanto a cifra de viaxeiros aloxados coma o volume de noites en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Este descenso non ten precedentes na serie histórica e leva, por tanto, a rexistrar mínimos de demanda do mes de outubro con 143 mil viaxeiros aloxados e algo máis de 277 mil noites –en outubro de 2019 rexistráranse máis de 790 mil-.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na perda de case 272 mil viaxeiros aloxados e de algo máis de 513 mil noites en relación ao mes de outubro de 2019.
- A nivel estatal obsérvase igualmente un comportamento negativo xeneralizado, con fortes caídas da demanda que van do 53% en Aragón ou do 58% en Castela A Mancha e Estremadura –as cifras máis baixas pero aínda así moi destacadas- ao 97% de descenso en Baleares –comunidade

que perde a totalidade das noites hoteleiras de outubro do pasado ano, pasando de algo máis de 5,8 millóns en 2019 a preto de 170 mil agora en 2020-. Neste sentido, a pesar do descenso xeneralizado obsérvase que destinos do norte-centro peninsular –Aragón, Castela A Mancha e Estremadura neste caso, xunto con Asturias- resisten mellor o forte impacto da crise provocada polo Covid19. Os destinos insulares, moi dependentes do turismo internacional neste caso, xunto con Madrid e Cataluña sofren en maior medida estas consecuencias con caídas que igualan ou superan o 85% interanual –e acadan o 97% no caso de Baleares-.

- Con diferenzas de intensidade este patrón repítese en relación ao observado no verán e no pasado mes de setembro, sendo por un lado destinos do norte e centro peninsular os de mellor comportamento relativo e, por outro lado, Canarias e Baleares os que peores resultados colleitan.
- A nivel global a caída da demanda no conxunto de España sitúase no 83,3% para o número de noites.
- Andalucía –con preto de 990 mil de pernoctacións hoteleiras- é o destino que neste mes lidera o mercado turístico hoteleiro a nivel estatal –absorbendo o 19,5% do total de España-. Acontece isto por cuarta vez neste ano –tamén nos meses de xullo, agosto e setembro- mais por vez primeira na serie histórica pois habitualmente Andalucía fica por debaixo de destinos como Canarias, Baleares ou Cataluña –en función da temporada-. Neste ano, e como consecuencia do maior impacto xerados nestes últimos destinos, Andalucía consegue mellores resultados en termos relativos e encabezar o ranking de principais destinos a nivel estatal. Con todo, o seu peso baixa do 20% na serie destes últimos meses.
- Logo de Andalucía, seguen en orde de importancia neste mes Canarias –con preto de 742 mil pernoctacións-, Cataluña –con 591 mil- e a C. Valenciana –con algo máis de 582 mil noites neste caso-. Estas catro comunidades absorben en conxunto ao 57% do total da demanda hoteleira de España. A porcentaxe restante repártese no resto do territorio, situándose á cabeza deste segundo grupo Madrid –con algo máis de 378 mil noites-.
- Galicia ocupa neste mes a sexta posición –por detrás das cinco anteriores- representando o 5,5% do total estatal –porcentaxe superior á que habitualmente rexistra a nosa comunidade-.
- En termos de mercado obsérvase igualmente un comportamento negativo xeneralizado, con importantes descensos dos tres grandes segmentos aínda que con diversa intensidade.
- O turismo interno, dos residentes en Galicia, rexistra unha caída do 36% na cifra de viaxeiros aloxados e do 37% no volume de noites hoteleiras, cifras importantes pero inferiores ás presentadas polos dous restantes segmentos, aínda que superiores ás que se rexistraban nos pasados meses do verán. Este descenso supón unha perda de pouco máis de 70 mil noites en relación ás cifras de outubro do pasado ano, rexistrando en total máis de 118 mil –a cifra máis baixa de cando menos os últimos vinte anos-.
- O turismo nacional presenta unha forte caída do 63% na cifra de viaxeiros aloxados –rexistrando algo máis de 64 mil- e do 66% no volume de noites –con preto de 125 mil neste caso-. En termos absolutos o descenso supón a perda de case 245 mil noites en relación ao dato de outubro do pasado ano, acadando con isto o nivel máis baixo da serie histórica. Con todo, segue a ser o segmento máis importante representando o 45% do total da demanda neste primeiro mes do último trimestre do ano.

- O turismo internacional participa igualmente da dinámica negativa pero con peores resultados, na liña do que se vén observando nestes últimos meses. Rexistra unha caída global do 85% no volume de noites hoteleiras como consecuencia dun descenso parello da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 89% neste caso. Con isto o mercado internacional rexistra pouco máis de 34 mil noites nos establecementos hoteleiros de Galicia –en outubro do pasado ano este segmento achegábase ás 232 mil noites-.
- Tal como se vén observando nos últimos meses, neste contexto negativo cambia lixeiramente a estrutura do mercado turístico gañando peso o turismo de proximidade, o interno neste caso – mellora en dezanove puntos o seu peso absorbendo o 43% do total- e perdendo representatividade o turismo receptor tanto nacional –a demanda que procede do conxunto do Estado perde dous puntos- como sobre todo o internacional –que pasa dunha cuota de mercado do 29% en outubro do pasado ano a pouco máis do 12% actual-.
- A nivel territorial o comportamento é tamén negativo, con fortes descensos tanto da cifra de viaxeiros aloxados coma do volume de noites nas catro provincias galegas. As caídas da demanda sitúanse no 66% en A Coruña, no 61% en Lugo, no 59% en Ourense e no 66% en Pontevedra – porcentaxes referidas ás pernoctacións-. En termos comparativos é Ourense a provincia que presenta os descensos menos acusados, na liña do que se viña observando nos últimos meses, se ben as diferenzas non moi destacadas e case se pode falar de comportamento negativo homoxéneo e xeneralizado a nivel territorial.
- Con algo máis de 117 mil noites A Coruña é neste mes a provincia que presenta maior nivel de demanda –representa o 42% do total de Galicia-. Seguen en orde de importancia Pontevedra –co 34% e algo máis de 94 mil noites-, Lugo –co 14,7% e 41 mil noites- e Ourense –provincia que neste mes se sitúa en último lugar co 9,1% do total e pouco máis de 25 mil noites-.
- Neste contexto de caídas a estadia nos hoteis e pensións de Galicia mantense relativamente estable –nun sentido estrito sobe un 1,7%-, situándose en algo máis de 1,9 noites de media. Con variacións non moi notables a estadia media vén rexistrando un comportamento irregular nestes últimos anos, alternando períodos de crecementos con anos de caídas –referidas ao mes de outubro-. Con isto a estadia media mantense por debaixo pero próxima ás dúas noites de media por oitavo ano consecutivo.
- A estadia media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición intermedia no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con catro noites de media, mentres que Estremadura rexistra a cifra máis baixa, con 1,7 noites neste caso.
- O forte descenso do nivel de demanda prodúcese nun contexto de caída da oferta dispoñible –tal como se comentou anteriormente o volume de prazas ofertadas cae un 18,5% en relación ao dato do pasado ano-. Con todo este descenso é inferior ao rexistrado do lado da demanda, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación, de 23 puntos porcentuais, para situarse no 17,5% de media para este mes –en outubro de 2019, cun volume de oferta superior, rexistrouse unha ocupación media do 40,6%-.
- O descenso do nivel de ocupación atinxe a todas as comunidades autónomas, con diversa intensidade. Aragón, xunto con Castela A Mancha e Asturias, marcan por unha banda a caída menos acusada, inferior aos 20 puntos porcentuais, mentres que no lado contrario os descensos máis notorios sitúanse en Madrid e Canarias –cunha perda próxima aos 50 puntos neste caso-.

- Desta maneira o ranking varía levemente en relación ao pasado ano. Neste mes é a C. Valenciana o destino que rexistra o nivel de ocupación máis alto de toda España, cun 26,1% de media. Moi próximos sitúanse o País Vasco –cun promedio do 25,7%- e Aragón –co 24,9% neste caso-. No lado contrario catro destinos comparten as cifras máis baixas –Cataluña, A Ríoxa, Galicia e Madrid- cunha porcentaxe do 17-18% en todas elas.
- Neste contexto Galicia mantén a súa posición no grupo de comunidades coas cifras máis baixas.
- As tarifas hoteleiras descenden neste mes, un 16,1% en particular, para situarse en 49,3 euros de ingreso medio por habitación ocupada. Caen as tarifas por cuarta vez consecutiva neste ano se ben o descenso de outubro é notorio en relación ao observado no verán. En termos interanuais a caída non ten precedentes en termos de intensidade se ben xa se producira no bienio 2012-13 e en outubro de 2017 –sempre con porcentaxes máis baixas-.
- Isto leva a que a cifra deste ano se sitúe por vez primeira por debaixo dos 50 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- Os prezos hoteleiros descenden de forma xeneralizada nas diferentes comunidades autónomas coa excepción de Asturias –único destino que consegue superar a cifra do pasado ano, nun 4,9% neste caso-. As caídas son relativamente suaves en Baleares e Aragón –onde as tarifas medias caen un 2,3% e 5,0% respectivamente- e moi acusadas en Madrid –destino que presenta un descenso próximo ao 50% interanual-.
- Con todos as tarifas medias varían sensiblemente dunha comunidade a outra, rexistrando as cifras máis elevadas Canarias –con 93,2 euros de ingreso medio por habitación ocupada- e Baleares – con case 80 euros-, e no lado contrario os niveis máis baixos en Galicia –único destino que rexistra unha tarifa media inferior aos 50 euros-.
- A caída do nivel de demanda e ocupación, engadido ao descenso dos prezos hoteleiros, leva neste mes a un notable empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira no conxunto da comunidade. O RevPAR hoteleiro cae un 63,4% situándose en 10,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.
- Os establecementos hoteleiros de Canarias –con 23,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de outubro. No lado contrario Galicia marca o valor máis baixo, con 10,1 euros neste caso.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento negativo a nivel das comunidades autónomas con caídas xeneralizadas do RevPAR hoteleiro que van do 43% en Aragón –destino de mellor comportamento en termos relativos- ao 86% en Madrid.
- En termos absolutos, os establecementos hoteleiros de Galicia rexistraron neste mes de outubro uns ingresos totais de pouco máis de nove millóns de euros, cifra inferior á do mesmo período do pasado ano –cae en realidade nun 68%-, marcando desta maneira o nivel máis baixo de cando menos esta década. A perda supera levemente os 19 millóns de euros en relación ao pasado ano.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Outubro 2011-20




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Outubro 2020




Fig. 3. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Outubro 2020




Fig. 4. Evolución da estada media. Outubro 2011-20




Fig. 5. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Outubro 2011-20




Fig. 6. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Outubro 2011-20

